



**Concello de
Dodro**

Lg – Tallós, Nº 32 - 15981 Dodro (A Coruña)

CIF: P1503300D

Tfno: 981 802 062 Fax: 981 802 142

info@concellodedodro.org

www.concellodedodro.org

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 15, QUE REGULA A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E RÉXIME.

Este Concello de Dodro, no uso das potestades conferidas pola Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e de acordo co previsto nos artigos 20.4 r) e 58 da Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establece a taxa pola prestación dos servizos de rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, que se regulará pola presente Ordenanza, redactada conforme ó disposto nos artigos 20 a 27 do RDL 2/2004 citado.

ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito imponible destas taxas a prestación do servizo de evacuación de excretos, augas negras, residuais e pluviais mediante a utilización da rede de sumidoiros municipal, e a conseguinte depuración das devanditas augas na Estación Depuradora de Augas Residuais (E.D.A.R.).

2. O servizo de evacuación de excretos, augas negras, residuais e pluviais e o servizo de depuración das mesmas na E.D.A.R. serán de recepción obrigatoria, polo que en consecuencia tódolos inmoables enclavados a distancia menor de cen metros dalgunha arteria da rede de sumidoiros deberán estar dotadas destes servizos, devengándose as taxas correspondentes aínda cando os suxeitos pasivos non realicen a acometida da finca a rede xeral.

3. A realización, polo Servizo municipal de Saneamento, das análises e probas para comprobar as características dos verquidos, ben sexa para a concesión do permiso de verquido ou por accións de inspección ou comprobación, nos termos previstos no regulamento municipal de vertidos e uso do sistema público de saneamento en baixa de Dodro.

ARTIGO 3º.- SUXEITOS PASIVOS.

1. Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así coma as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición; que ocupen ou utilicen por calquera clase de título, incluso en precario, as vivendas e locais onde se presta o servizo.

XXVII Sesión
Eusebio
Lorenza
Baleira



2. Terán a consideración de substitutos do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, os cales poderan repercutir, no seu caso, ós ocupantes ou usuarios, as cotas abonadas por razón da taxa.

ARTIGO 4º.- RESPONSABLES.

1. Serán responsables solidariamente das obrigas tributarias establecidas nesta Ordenanza toda persoa causante ou colaboradora na realización dunha infracción tributaria. Nos supostos de declaración consolidada, tódalas sociedades integrantes do grupo serán responsables solidarias das infraccións cometidas neste réxime de tributación.

2. Os coparticipes ou cotitulares das herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptible de imposición, responderán solidariamente e en proporción as súas respectivas participacións das obrigas tributarias das devanditas entidades.

3. Serán responsables subsidiarios das infraccións simples e da totalidade da débeda tributaria no caso de infraccións graves cometidas polas persoas xurídicas, os administradores daquelas que non realicen os actos necesarios da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias infrinxidas, consentirán no incumprimento por quen dependa deles ou adopten acordos que fixeran posible as infraccións. Así mesmo, tales administradores responderán subsidiariamente das obrigas tributarias que estean pendentes de cumprimentar polas persoas xurídicas que cesen nas súas actividades.

4. Serán responsables subsidiarios os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, cando por negligencia ou mala fe non realicen as xestións necesarias para o total cumprimento das obrigas tributarias devengadas con anterioridade a ditas situacións e que sexan imputables ós respectivos suxeitos pasivos.

ARTIGO 5º.- BASE IMPOÑIBLE E LIQUIDABLE.

A base impoñible virá determinada polos m³ de auga consumida na finca.

ARTIGO 6º.- COTA TRIBUTARIA.

1. SERVIZO DE EVACUACIÓN Á REDE DE SUMIDOIROS

A) Usos domésticos

Cota servizo (fixa)	1,5094 €/mes
1º Bloque ata 10 m ³ /abonado/mes	0,1220 €/m ³
2º Bloque de 10 m ³ ata 20 m ³ /abonado/mes	0,3940 €/m ³
3º Bloque mais 20 m ³ /abonado/mes	0,5161 €/m ³
Por conservación de acometidas	0,7094 €/abonados/mes

B) Usos industriais e Obras

Cota servizo (fixa)	2,1130 €/mes
1º Bloque ata 15 m ³ /abonado/mes	0,1713 €/m ³
2º Bloque de 15 m ³ ata 30 m ³ /abonado/mes	0,5516 €/m ³
3º Bloque mais 30 m ³ /abonado/mes	0,7241 €/m ³
Por conservación de acometidas	0,7094 €/abonados/mes

Abonados sen subministración :

C) Cota servizo (fixa)	2,7320 €/mes
-------------------------------	--------------

10 % de IVE non incluído en sumidoiros

21 % de IVE non incluído en conservación de acometidas

2. ACOMETIDA DE AGUA A REDE XERAL DE SUMIDOIROS

Fanse prezos diferentes dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na gabiá e pavimento.



Lonxitude da gabiá de 1 a 5 metros (apertura e peche e reposición de pavimento)

Fanse prezos diferentes dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na zanja e pavimento.

Acometida	Saneamen Terra	Asfalto	Baldosa-acera to
F-160	410,48 €	469,12 €	527,76 €
F-200	433,94 €	492,57 €	551,21 €

Acometidas de máis de 5 metros farase un presuposto para cada caso.

21 % de IVE non incluído en acometidas

3. SERVIZO DE DEPURACIÓN :

Usos domésticos

	Cota servizo (fixa)		1,7659	€/mes
A)	1º Bloque m ³ /abonado/mes	ata	10 ^{0,1629}	€/m ³
	2º Bloque de 10 m ³ /abonado/mes	ata	20 ^{0,3694}	€/m ³
	3º Bloque m ³ /abonado/mes	mais	20 ^{0,4673}	€/m ³

B) Usos industriais e Obras

	Cota servizo (fixa)		2,4603	€/mes
	1º Bloque m ³ /abonado/mes	ata	15 ^{0,2343}	€/m ³

2º Bloque de 15 m³ ata 30 m³/abonado/mes 0,5172 €/m³

3º Bloque mais 30 m³/abonado/mes 0,6543 €/m³

Abonados sen subministro :

C)

Cota servizo (fixa) 3,961 €/mes

10 % de IVE non incluído en depuración

4. SERVICIOS INSPECCIÓN E ANALISES VERTIDOS

A) As cantidades a esixir con ocasión da práctica das análises mínimo esixidas polo Regulamento municipal de vertidos e uso do sistema público de saneamento en baixa, deberán axustarse ás seguintes contías:

PARÁMETROS	€/PARAM.
pH	5,46 €
Conductividade	5,46 €
Sólidos en suspensión totais	16,55 €
D.B.O ₅	34,58 €
D.Q.O.	27,80 €
Fósforo total	15,31 €
Nitróxeno amonacal	12,92 €
Sulfuro	19,11 €
Aceites e graxas	65,61 €
Recollida e envío da mosta laboratorio	95,70 €
Total	298,50 €

O custo dos demais parámetros de verteduras limitados a analizar en cada caso atendendo á actividade da empresa son os seguintes:

PARÁMETROS	€/PARAM.
Aluminio	35,20 €



**Concello de
Dodro**

Lg – Tallós, Nº 32 - 15981 Dodro (A Coruña)

CIF: P1503300D

Tfno: 981 802 062 Fax: 981 802 142

info@concellodedodro.org

www.concellodedodro.org

Arsénico	52,79 €
Bario	35,20 €
Boro	17,59 €
Cadmio	35,20 €
Cromo hexavalente	24,64 €
Cromo total	35,20 €
Ferro	24,64 €
Manganeso	24,64 €
Níquel	35,20 €
Mercurio	52,79 €
Chumbo	35,20 €
Selenio	52,79 €
Estaño	48,41 €
Cobre	24,64 €
Zinc	24,64 €
Cianuros totales	56,54 €
Cloruros	15,84 €
Sulfitos	45,32 €
Sulfatos	28,14 €
Fluoruros	28,14 €
Fenois totales	31,94 €
Aldehidos	42,23 €
Deterxentes	32,87 €
Pesticidas	469,09 €
Toxicidade	150,98 €

B) As cantidades a esixir con ocasión das actuacións de comprobación e inspección ás que se refire o regulamento municipal de vertidos e uso do sistema público de saneamento en baixa, deberán axustarse ás seguintes contías:

Por inspección e informe 185,51 €

XXVII Sesión
Eusebio
Lorenzo
Baleira
Dodro

O 21% de IVE non está incluído nas taxas de análises e inspeccións.

ARTIGO 7º.- DEVENGO.

O tributo considérase devengado dende que naza a obriga de contribuir a tenor do establecido no artigo 2º. Considérase que comenza a prestación do servizo que dá orixe ó nacemento da obriga de contribuir cando se formule a solicitude ou dende que teña lugar a acometida efectiva se se levase a cabo sen autorización.

ARTIGO 8º.- EXENCIONS, REDUCCIONS E DEMAIS BENEFICIOS FISCAIS LEGALMENTE APRICABLES.

De conformidade co disposto no artigo 9.1 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que sea proba o tecto refundido da Lei reguladora das facendas locais, non se recoñecen outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de Lei ou os derivados da aplicación dos Tratados Internacionais.

ARTIGO 9.- LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN.

1. A liquidación da cota tributaria pola acometida á rede xeral de sumidoiros será aprobada polo órgano competente do Concello, simultaneamente o outorgamento da correspondente licenza e baseándose no presuposto presentado pola empresa concesionaria do servizo. A recadación levarase a cabo polo concesionario do servizo, unha vez realizada a notificación ó suxeito pasivo segundo o disposto no artigo 124.1 da Lei Xeral Tributaria.

2. As liquidacións pola prestación dos servizos de rede de sumidoiros e depuración de augas residuais serán aprobadas polo órgano competente do concello, unha vez confeccionados os correspondentes padróns polo concesionario do servizo, tendo en conta as lecturas de contadores do devandito periodo. O cobro dos recibos realizarase nas Oficinas do Servizo ou ben mediante xestión bancaria. Os padróns de cada periodo trimestral, cos datos dos suxeitos pasivos e a débeda tributaria resultante, serán expostos o público por un periodo mínimo de quince días hábiles.

3. Dada a unidade de xestión e mantemento dos servizos de subministro de auga, rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, poderase expedir un recibo único que incorpore a facturación trimestral das tres taxas.

ARTIGO 10º.- INFRACCIÓN E SANCIONS.

No tocante a calificación das infraccións tributarias e as súas correspondentes sancións, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e demais normativa que a desenvolva.

DISPOSICION ADICIONAL.

As cotas tributarias fixadas no artigo 6 desta Ordenanza modificaranse anualmente de acordo coa variación do Índice de Prezos ó Consumo que sinala o Instituto Nacional de Estatística.

Dodro, 24 de novembro de 2014



Valentín Alfonsín Somoza